

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de persoa con premio concedido e a súa contía, e a listaxe de agarda no premio atlantTic a mellor tese doutoral no ámbito das tecnoloxías de telecomunicación da Universidade de Vigo 2025

De conformidade co establecido na base 6 do anexo I da resolución reitoral do 6 de xuño de 2025 no que se regulan as bases da convocatoria do premio atlantTic á mellor tese doutoral no ámbito das tecnoloxías de telecomunicación da Universidade de Vigo, unha vez rematado o proceso de selección e segundo os criterios establecidos na convocatoria,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Publicar a listaxe definitiva de persoa con premio concedido e a súa contía (anexo I).
2. Publicar a listaxe de agarda (anexo II).

De acordo co establecido na base 8 da convocatoria, a persoa gañadora comprométese a facer unha breve presentación da súa tese de doutoramento (máximo 15 minutos) na cerimonia de entrega do devandito premio; sendo comunicada a data á persoa premiada no prazo mínimo de 30 días previa á cerimonia.

No caso de non poder asistir de xeito presencial, a devandita presentación poderase facer de xeito virtual.

Ademais a persoa beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

Belén Rubio Armesto



ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOA CON PREMIO CONCEDIDO

Apelido 1	Apelido 2	Nome	Puntuación total	Contía
Poyanco	Acevedo	José Manuel	87	2.500€

Contía total adxudicada: 2.500€

ANEXO II

LISTAXE DE AGARDA

Apelido 1	Apelido 2	Nome	Puntuación total
Baena	González	José Carlos	76
Pereiro	García	Javier	68
Candal	Ventureira	David	64
Mármol	Campos	Enrique	60
Herraiz	Zanón	David	58
Sánchez	Zas	Carmen	53

